

ADMINISTRACIÓN LOCAL MUNICIPAL MUXÍA

Anuncio de bases do concurso do Entroido

ANUNCIO ENTROIDO CONCELLO DE MUXÍA. EXTRACTO DE BASES PARA O CONCURSO DE DISFRACES

BASES

O sábado 22 de febreiro de 2020 terá lugar en Muxía o concurso de Entroido, que se rexerá polas seguintes bases:

É obxecto destas bases regular as normas que rexen o concurso de disfraces que se desenvolve na festa de Entroido do Concello de Muxía.

Poderán participar tódalas persoas, asociacións, comunidades, colectivos e grupos de persoas que o desexen.

Haberá catro categorías de concurso: infantil (individual), adultos (individual), grupos e comparsa.

Para o concurso infantil e para o de adultos individual a inscrición farase no mesmo momento do concurso, na mesa do xurado.

Para o concurso de grupos, estes deberán estar formados por un mínimo de catro persoas que fagan conxunto cos disfraces ou temática dos mesmos, e podendo ser de adultos, infantil ou mesturar adultos con nenos/as.

A diferenza coas comparsas está en que non se pide actuación escénica ou musical.

Para o concurso de comparsas, estas deberán estar formadas por un mínimo de cinco persoas e as actuacións non poden exceder dos 30 minutos.

Para a categoría de comparsas e para a de grupos, os participantes deberán inscribirse previamente no Concello de Muxía, ata o xoves día 20 de febreiro.

Os premios faranse efectivos por transferencia bancaria, no número de conta que se indique na documentación a presentar.

En todo o proceso aplicarase o regulamentado na normativa vixente en cada momento (especialmente en materia de retencións IRPF, subvencións e facendas locais).

Os premios a entregar son os seguintes:

INFANTIL

1.º PREMIO..... 100 €

2.º PREMIO..... 50 €

3.º PREMIO..... 25 €

ADULTOS

1.º PREMIO.....150 €

2.º PREMIO.....100 €

3.º PREMIO..... 50 €

GRUPOS (grupo de máis dun mínimo de catro persoas-adultos ou infantil, ou adultos con infantil- disfrazadas facendo conxunto, sen obriga de actuación musical nin coplas).

PREMIO ÚNICO..... 200 €

E COMPARSAS (coplas ou actuacións escénicas, musicais ou baile, mínimo cinco persoas).

1.º PREMIO..... 900 €

2.º PREMIO..... 400 €

3.º PREMIO..... 200 €

O xurado estará composto por:

- Alcalde ou concelleiro/a en quen delegue.
- Un traballador/a do Concello.
- Un representante de Asociacións do Concello.

Poderá consultarse o texto completo das bases na web municipal www.concellomuxia.com

Muxía, 20 de xaneiro de 2020.

O alcalde

Santiago Toba Campaña

2020/1041